

2

VALORACIÓN XERAL





2.1. MEDIDAS EXECUTADAS SEGUNDO OS EIXES DE ACCIÓN

No documento inicial prevíase para o 2012 a realización de 202 medidas, ás que se sumaron 21 medidas durante as anualidades 2010 e 2011, polo que para o ano 2012 estaban previstas 222, das que non se levaron a cabo 42 por falta de orzamento ou por outros motivos. Ás 180 medidas executadas das previstas, habería que sumarllas 57 medidas novas, polo que, ao final, nesta anualidade realizáronse un total de 237 actuacións.




Gráfico 1. Medidas executadas na anualidade 2012



Distribución das medidas segundo os eixes de acción

A maioría das medidas executadas agrúpanse no eixe de educación (con 66 medidas levadas a cabo) e no eixe de información e formación (con 42 medidas executadas), seguidos do eixe de emprego (con 27 actuacións).

En relación coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a suma de todas as súas accións representa case o 43 % da totalidade do plan.




Gráfico 2. Distribución das medidas segundo os eixes na anualidade 2011



Tipos de actividades

Á hora de analizar o tipo de actividade que se realizou en cada unha das medidas tívose en conta a seguinte clasificación:

- o axudas e subvencións;
- o axudas e bolsas;
- o cursos, xornadas e outras actividades formativas;
- o obradoiros e actividades;
- o campañas (informativas, divulgativas...);
- o información e asesoramento;
- o publicacións;
- o outras.

Tendo en conta a clasificación anterior, observamos que case o 24 % das medidas se agrupan dentro de axudas, subvencións e bolsas, seguido dun 26 % relacionadas con cursos, xornadas e con outras actividades formativas e un 24 % que se corresponden con obradoiros e actividades.




Gráfico 3. Distribución das medidas segundo os eixes na anualidade 2011



2.2. DISTRIBUCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Durante a anualidade 2012, as persoas potencialmente beneficiarias foron 470 243¹ mozos e mozas galegas de entre 14 e 30 anos, coa seguinte distribución por sexo: un 49,07 % de mulleres e un 50,93 % de homes.




Gráfico 4: Distribución segundo sexo da poboación de 14 a 30 anos (Fonte: IGE 2012)




Gráfico 5: Distribución segundo franxas de idade da poboación de 14 a 30 anos (Fonte: IGE 2012)

Por outra banda, se temos en conta os tramos de idade, observamos que na franxa de idade que vai dos 26 aos 30 anos agrúpase o 43 % da xente moza de Galicia; seguida da poboación de 19 a 25 anos, cun 33,38 %; e, por último, atópase a franxa de idade dos 14 aos 18 anos, cun 23 %.



¹ Datos do IGE 2012



Segundo o sexo

Á hora de analizar o perfil das persoas participantes nas distintas actividades e actuacións que se recollen no Plan de xuventude, observamos que o 48 % das persoas son mulleres mozas e o 41 % son homes mozos. Polo que, tendo en conta que na poboación en xeral hai maior representación masculina que feminina, a participación das mozas é maior que a dos mozos.




Gráfico 6: Distribución de persoas beneficiarias segundo o sexo



Segundo os tramos de idade

En relación cos tramos de idade, observamos que atopamos máis participación dos mozos e das mozas con maior idade. No tramo de idade de 19 a 25 anos acádase un 42 % de participación, unha porcentaxe igual á acadada entre os mozos e mozas de 26 a 30 anos, pola contra, os mozos e mozas de 14 a 18 anos representan o 15 %. Se facemos a comparativa coa poboación obxectivo, podemos concluír que a franxa de idade con maior participación sería a que comprende as idades de 19 a 25 anos.




Gráfico 7: Distribución de persoas beneficiarias segundo os tramos de idade



Segundo os eixes de acción

En relación co número medio de persoas participantes nas diferentes actividades, observamos que no eixe de saúde e deportes é onde se acada unha maior participación, con 27 747 participantes de media, seguido do de información e formación, con 9 297 participantes.

Porén, se temos en conta as persoas beneficiarias directas totais en cada un dos eixes de educación e de información e formación, con 98 189 e 115 542 persoas respectivamente, estes son os dous eixes onde se acada unha maior participación. Hai que ter en conta que estes eixes tamén son nos que máis medidas se desenvolveron durante a anualidade 2012.

EIXES	Nº persoas beneficiarias directas**	Nº persoas beneficiarias indirectas	Nº entidades*	Nº de persoas beneficiarias totais	Nº medio de persoas beneficiarias
Educación	98.189	134.335	940	232.524	3.419
Emprego	27.091	25.966	0	53.057	1.965
Creatividade e espírito	15.219	2.369	0	17.588	1.466
Vivenda	17.346	0	0	17.346	1.577
Saúde e deportes	15.327	484.119	1.272	499.446	27.747
Propias da DXXV					
Información e formación	115.542	284.230	346	399.772	9.297
Participación e asociacionismo	12.400	1.617	119	14.017	637
Voluntariado	5.049	0	55	5.049	459
Mobilidade	4.671	45.345	0	50.016	2.001
TOTAIS	310.834	977.981	2.732	1.288.815	5.438

* Concellos, centros educativos, asociacións, organismos, empresas...

** O número de usuarios/as comprende aqueles que puideron participar en medidas de diversos eixes

Táboa 3: Distribución de persoas beneficiarias segundo os eixes de acción

